

Verónica Martínez presenta “Obra reunida (1994-2008)”

redacción ferrol | 19 de Noviembre de 2013

A poeta de Valdoviño Verónica Martínez Delgado presenta o próximo día 29 na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla, de Madrid, “Obra reunida (1994-2008), un traballo publicado por Amargord Ediciones.

A poeta de Valdoviño Verónica Martínez Delgado presenta o próximo día 29 na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla, de Madrid, “Obra reunida (1994-2008), un traballo publicado por Amargord Ediciones. O acto contará coa presenza da autora e do profesor da UNED Xavier Frías, coordinador da colección Ga-leuscas. No acto tamén participa o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, Verónica Martínez participou en diversas publicacións periódicas (Madrygal, Dorna, Ólisbos, Festa da palabra silenciada ou Arraianos) e forma parte dos colectivos “A porta verde do séptimo andar” e do “Grupo Bilbao de Madrid”. A súa obra poética, con traballos como “Desterrada do meu corpo”, “Desabitada e sen verdugo”, “Lusocuria” ou a recente “Cartapedra”, foi estudiada nos ensaios “Ferroláns na historia da literatura galega”, de Henrique Dacosta, e “Letras de Cal na produción poética galega dos 90”, de Miguel Louzao Outeiro.